FORMACIÓN CONTINUADA



A Formación Continuada da Área Sanitaria de Vigo, ocúpase da actualización das competencias dos profesionais que traballan na nosa Institución, do seu dereito á actualización permanente de coñecementos para dar resposta aos obxectivos asistenciais e da institución.

O seu **obxectivo xeral** é manter un **enfoque integral e unha visión transversal** da formación naquelas competencias que son comúns a tódolos profesionais independentemente da súa categoría profesional, e proporcionar as ferramentas formativas necesarias para o desenvolvemento das competencias específicas nas distintas categorías, niveis, especialidades ou servizos.

Obxectivos específicos

- Ampliar os coñecementos que incidan na actividade habitual dos profesionais
- Promover a adquisición de habilidades para a súa utilización na práctica diaria
- Potenciar o cambio de actitudes para a incorporación de novos procedementos, tecnoloxías, etc. no posto de traballo
- Acreditar o maior número posible de actividades formativas
- Facilitar o acceso á formación a través da modalidade de ensino online

Dada a importancia da **formación dos traballadores** da saúde e, o continuo avance social e tecnolóxico fai que este campo sexa extremadamente sensible e cambiante; por iso a formación continuada debe facer un esforzo e adaptarse para responder as demandas da sociedade e dos traballadores, dando resposta aos obxectivos asistenciais e organizativos da institución.

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Contacto e ubicación (Formación Continuada)

Prácticas para mellorar a competencia

Páxina 1 de 1 **1**

Elementos por páxina 10

Clasificación

Categorías:

- Temas, Docencia, formación e investigación, Formación continuada
- Docencia e Formación
- Colectivos, Profesionais
- Interésame, Estou formándome, Son un profesional da saúde